

REDACCIÓN DO PLAN DE ACCIÓN PARA A ENERXÍA SOSTIBLE E O CLIMA DO CONCELLO DE CAMBRE

O **Concello de Cambre** adhiúse, o 28 de febreiro de 2019, ao **Pacto de Alcaldes para o Clima e a Enerxía** –agora denominado como **Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía**- en calidade de asinante.

A Comisión Europea puxo en marcha, no ano 2008, o Pacto de Alcaldes (Covenant of Mayors). A iniciativa, aberta a todas as cidades e concellos de Europa, buscaba involucrar ás autoridades locais e aos cidadáns no desenvolvemento e a aplicación da política enerxética da Unión Europea. A raíz do éxito alcanzado por este proxecto, no 2014 lanzouse *Mayors' Adapt*. Esta proposta está baseada no mesmo modelo de xestión pública, convidando as cidades a asumir compromisos políticos e a tomar medidas para anticiparse para os efectos inevitables do cambio climático.

A fusión entre ambas as iniciativas deu lugar ao **Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía** (Covenant of Mayors for Climate & Energy) o 15 de outubro de 2015. Esta nova ferramenta pretende reunir aos alcaldes das cidades europeas nunha rede permanente de intercambio de información para a aplicación de boas prácticas como as que a continuación se enumeran: mellora da eficiencia enerxética no ámbito urbano, redución das emisións de CO₂ no ámbito territorial local e aumento da resiliencia fronte ao cambio climático.

Coa súa adhesión ao Pacto das Alcaldías, o **Concello de Cambre comprometeuse a actuar para alcanzar o obxectivo da Unión Europea: reducir as emisións de CO₂ no seu territorio en polo menos un 40% para o ano 2030**. A consecución desta meta fundaméntase na mellora da eficiencia enerxética, o maior uso de fontes de enerxía renovable, a implantación de medidas de adaptación ao cambio climático, o aumento da súa resiliencia fronte a este e o incremento da cooperación coas autoridades locais e rexionais na UE e fóra dela para mellorar o acceso á enerxía segura, sostible e alcanzable.

Para alcanzar estes obxectivos, o **Concello de Cambre** xa iniciou os traballos de **redacción do “Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible (PACES)”**, no que se definirán as liñas estratéxicas a nivel municipal para afrontar as consecuencias derivadas do cambio climático.

O PACES inclúe un inventario de referencia de emisións (IRE) que permitirá realizar: un seguimento das accións de mitigación levadas a cabo, unha avaliación de riscos e vulnerabilidades ante o cambio climático e unha proposta de medidas para reducir e limitar as emisións de gases de efecto invernadoiro que permitan unha maior adaptación aos impactos do cambio climático.

Ademais, cada dous anos deberase presentar un informe de seguimento.

En canto á estrutura do PACES, este inclúe os seguintes apartados:

1. ESTRATEXIA

Como punto de partida do PACES, trazarase unha estratexia global na que se inclúan aspectos xerais como os que a continuación se enumeran:

Visión de futuro: Recolleranse os obxectivos xerais adoptados polo Concello como compromiso tras a adhesión ao Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía, así como a visión de futuro a longo prazo cos fitos clave que se agarda alcanzar.

Aspectos organizativos e financeiros: previstos para facer fronte aos compromisos do Pacto das Alcaldías e para levar a cabo todo o proposto no PACES.

Dentro deste apartado inclúense os **plans de participación interina e cidadá** elaborado con anterioridade, nos que se establecen as pautas para conseguir a colaboración e coordinación entre as diferentes áreas da Administración Local e os habitantes do municipio.

2. INVENTARIO DE EMISIÓN DE REFERENCIA (IRE)

Este documento contabiliza a cantidade de CO2 emitida á atmosfera debida ao consumo de enerxía durante o ano tomado como referencia.

3. ANÁLISE DE RISCOS E VULNERABILIDADES

Determinase a natureza e a medida de risco mediante a análise dos posibles riscos e a avaliación da vulnerabilidade que podería constituír un posible dano ou unha posible ameaza para as persoas, os bens, os medios de vida e o medio do que dependen. Esta análise permite a identificación de áreas de preocupación crítica e, por conseguinte, proporciona información para a toma de decisión.

4. ACCIÓNS

4.1. ACCIÓNS DE MITIGACIÓN

Coñecendo os resultados do inventario e os obxectivos por ámbito establecidos, definirase unha lista de acción clave de mitigación establecidas para pór en marcha a estratexia xeral, diferenciándoas por ámbito de actuación e indicando prazos, responsabilidades, investimentos estimados, medidas de financiamento, indicadores e cálculos dos impactos.

Estas acción estarán destinadas a cumprir cos obxectivos en eficiencia enerxética, enerxías renovables, mobilidade sostible, concienciación, etc.

4.2. ACCIÓNS DE ADAPTACIÓN

Identificados os riscos do cambio climático e definidos os obxectivos correctos que deben alcanzarse para xestionar mellor os riscos, propóranse unha serie de medidas de adaptación, co fin de reducir os impactos negativos a un nivel aceptable ou evitar que se incrementen cos anos.

Neste bloque pártese da análise de riscos e vulnerabilidades e márcase o camiño para seguir e as medidas de adaptación para alcanzar os obxectivos fixados previamente.

3.1. Análise de riscos e vulnerabilidades: determínase a natureza e a medida do risco mediante a análise dos posibles riscos e a avaliación da vulnerabilidade que podería constituír un posible dano ou unha posible ameaza para as persoas, os bens, os medios de vida e o medio ambiente do que dependen. Esta análise permite a identificación de áreas de preocupación crítica e, por conseguinte, proporciona información para a toma de decisións.

3.2. Plan de acción de adaptación: unha vez identificados os riscos que expón o cambio climático, dentro deste plan de adaptación propoñeranse unha serie de medidas para reducir os impactos negativos a un nivel aceptable ou evitar que incrementen cos anos.

Ao papel das autoridades locais hai que sumar, ademais, o da cidadanía, que podería desempeñar un rol fundamental para diminuír o consumo enerxético e frear o cambio climático.

A creación e implantación de políticas de enerxía sostible requirirán dun compromiso e dunha participación activa por parte dos cidadáns. De feito, para lograr estes obxectivos, os cidadáns deben entender que o cambio climático é un problema que afecta, sen ningún tipo de excepción, a toda a sociedade.

Por tanto, para alcanzar os citados obxectivos, as accións técnicas incluídas no PACES deben ir, necesariamente, da man de cambios no comportamento de todos os veciños.

Para levar a cabo este Plan, o Concello de Cambre conta co apoio financeiro da **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia e polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).**

*Proxecto subvencionado ao amparo das axudas destinadas a entidades locais asinantes do
Pacto dos Alcaldías o Clima e a Enerxía Sostible*

FREAR O CAMBIO CLIMÁTICO